

INSTRUCCIÓN PARA A INTRODUCCIÓN E TRASLADO DE ORGANISMOS NOCIVOS, VEXETAIS, PRODUTOS VEXETAIS OU OUTROS OBOXECTOS CON FINS DE ENSAIO, CIENTÍFICOS OU ACTIVIDADE DE SELECCIÓN DE VARIEDADES.

1. NORMATIVA DE APLICACIÓN

- **Regulamento (UE) 2016/2031 do Parlamento europeo e do Consello**, do 26 de outubro de 2016, relativo ás medidas de protección contra as pragas dos vexetais.

- **Regulamento Delegado (UE) 2019/829 da Comisión do 14 de marzo de 2019**, que completa o Regulamento (UE) 2016/2031 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ás medidas de protección contra as pragas dos vexetais, autorizando aos Estados membros a establecer excepcións temporais para a realización de análises oficiais, con fins científicos ou educativos, ensaios, selección de variedades ou mellora.

2. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN

De acordo ao establecido no Regulamento Delegado (UE) 2019/829 da Comisión do 14 de marzo de 2019, **calquera actividade con fins de ensaio, científicos, selección ou mellora de variedades** (en diante actividades específicas), que impliquen a **introdución, traslado, mantemento, multiplicación ou utilización de organismos nocivos, vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos na UE** ou en determinadas Zonas Protexidas (en diante materiais especificados) require unha **solicitud previa e unha autorización**.

A universidade ou centro de investigación onde se vaian a realizar as actividades específicas deberá presentar unha solicitude a través do procedemento xenérico PRO04A de a Sede electrónica da Xunta de Galicia, dirixida á Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>

A solicitude conterá os datos mínimos do Anexo I do Regulamento 2019/829, indicados no Anexo deste documento.

A autorización será concedida pola autoridade competente por un período de tempo limitado, a condición de que a solicitude sexa correcta, a natureza e os obxectivos das actividades especificadas propostas sexan conformes e as actividades especificadas se leven a cabo en **estacións de coretena ou instalacións de confinamento, previamente autorizadas**.

Tras a finalización da actividade específicas o material especificado debe ser destruído e retirado con seguridade, ou almacenado en condicións adecuadas para o seu uso posterior de conformidade co artigo 64 do Regulamento (UE) 2016/2031.

3. EMISIÓN DA CARTA DE AUTORIZACIÓN OFICIAL

No caso de **materiais especificados orixinarios da Unión Europea**, se se cumpren os requisitos, a **comunidade autónoma** resolverá a autorización das actividades e emitirá unha carta de autorización oficial de acordo ao modelo establecido na parte A de o anexo II do Regulamento (UE) 2019/829.

No caso de **materiais especificados orixinarios de terceiros países**, se se cumpren os requisitos, a comunidade autónoma informará favorable da autorización da actividade ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (**MAPA**) e este emitirá a correspondente carta de autorización oficial, de acordo ao modelo establecido na parte B do anexo II do Regulamento (UE) 2019/829. A carta de autorización oficial será enviada ao solicitante xunto cun oficio no que se indican as condicións de entrada do material especificado e a necesidade de someterse a unha inspección fitosanitaria, previa á súa entrada na UE.

4. CONDICIÓNS DE ENTRADA DO MATERIAL ESPECIFICADO

No caso de que o material especificado sexa enviado polo remitente, é dicir, cando non vaia a ser portado en man ou facturado coa equipaxe, poderán presentarse dúas opcións:

a) Se o envío se realiza por correo, ao estar centralizada a inspección en Madrid e Barcelona, deberá presentar a solicitude de inspección no Punto de Control Fronteirizo (PCF) do aeroporto de Madrid ou Barcelona.

b) Se o envío se realiza a través dunha axencia de carga, aérea ou marítima, o lugar de entrada será o aeroporto de Santiago ou os PCFs portuarios correspondentes (Coruña, Ferrol, Vigo, Marín ou Vilagarcía de Arousa).

En ambos casos no exterior do paquete enviado debe figurar a lenda: "MOSTRAS CON FINS DE ENSAIOS, CIENTÍFICOS E PARA A ACTIVIDADE DE SELECCIÓN DE VARIEDADES".

Antes da chegada das mostras, o destinatario poñerase en contacto co PCF correspondente para solicitar a inspección, sempre cunha antelación mínima de 24 horas:

Servicio de inspección de sanidade SISVF	Correo electrónico	Teléfonos
Coruña	svegetal.acoruna@correo.gob.es	981 989 715
Pontevedra	svegetal.pontevedra@correo.gob.es	986 989 120

SISVF:Servicio de inspección de Sanidade Vexetal en Fronteira

5. INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Para calquera aclaración sobre este trámite pode poñerse en contacto co Servizo de Sanidade e Produción Vexetal da Xunta de Galicia.

Correo electrónico	Teléfonos
sspv.cmr@xunta.es	881997443- 981540060

ANEXO

Datos a incluír na solicitude

a) o nome, o enderezo, o enderezo de correo electrónico e o número de teléfono do solicitante, e da persoa ou persoas responsables da actividade especificada, se son distintas, incluídas as súas cualificacións científicas e técnicas a efectos das actividades especificadas;

b) o tipo de material especificado, o nome científico ou o nome do material especificado e, no seu caso, as referencias publicadas, incluída a información sobre posibles vectores;

c) a cantidade de material especificado e, en caso de envíos múltiples, o número de envíos e a cantidade en cada un, xustificada en función da finalidade da actividade especificada de que se trate e da capacidade do centro de corentena ou a instalación de confinamento;

d) o lugar de orixe do material especificado, incluídos o nome, o enderezo, o enderezo de correo electrónico e o número de teléfono do expedidor e do provedor, xunto coas probas documentais apropiadas no caso de que o material especificado vaia a ser introducido desde un terceiro país;

e) a duración da actividade especificada, así como un resumo da súa natureza e os seus obxectivos, xunto cunha especificación en caso de ensaios e traballos científicos ou educativos relativos á selección de variedades;

f) as condicións de envasado nas que o material especificado trasladarase ou importará;

Indicar unha das seguintes condicións:

1. envío postal/empresa de mensaxería/pasaxeiro/outro
2. estrada/tren/avión/barco/outro
3. outra

g) o nome, o enderezo e a descrición da estación de corentena ou a instalación de confinamento;

h) a utilización final do material especificado ao termo da actividade especificada, por exemplo: destrución, recollida ou almacenamento;

i) no seu caso, o método de destrución ou o tratamento do material especificado ao termo da actividade especificada.

NOTA: Esta información incluírase nun documento adxunto á solicitude.